

SERVIZOS  
CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



**Expediente 14523/407.**

**Asunto:** Comisión de servizos para prover un posto de Inspector de Urbanismo de Disciplina/Conservación urbanística.

## RESOLUCIÓN

Visto o informe-proposta, asinado polo xefe dos Servizos Centrais e o Xerente con data 3 de maio de 2022, así como a fiscalización favorable do Interventor de 10 de maio de 2022, no uso das facultades que me confiren os Estatutos (artigos 5 e 6) e a delegación do Presidente de 11.07.2019 (publicada no BOP de 22.07.2019),

### RESOLVO:

“Primeiro.- Autorizar a provisión, mediante comisión de servizos, do posto de Inspector de Urbanismo, cos seguintes elementos (conforme a relación de postos vixente, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 250 de 30.12.2020):

- \* *Código:* 423.08.
- \* *Denominación:* Inspector de Urbanismo.
- \* *Complemento de destino:* 20.
- \* *Complemento específico:* 13.300,42 euros/ano (actualizado ó exercicio 2022).
- \* *Grupo, escala, subescala:* C1, Administración Especial, Técnica Auxiliar.
- \* *Titulación requirida:* Bacharelato superior, Formación Profesional II ou equivalente.
- \* *A efectos desta comisión de servizos:* Achegarase o currículo académico e profesional.
- \* *Duración máxima da comisión de servizos:* Un ano como máximo (prorrogable por un ano máis).

Segundo.- Publicar esta resolución na web municipal (ofertas de emprego), para que os funcionarios en propiedade interesados presenten a súa solicitude no prazo de cinco días hábiles, dirixida ó Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.”

Vigo, data da sinatura electrónica

María José Caride Estévez, VICEPRESIDENTE

DOU FE, José Riesgo Boluda, SECRETARIO da XMU

